

***PRESIDENCIA DA XUNTA***

*SECCIÓN 04*



---

## **1. COMPETENCIAS**

---

O Decreto 231/2005, do 11 de agosto, establece os seguintes órganos superiores que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia:

1. Secretaría Xeral da Presidencia.
  - A) Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral.
  - B) Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia.
2. Secretaría Xeral de Análise e Proxección.
3. Secretaría Xeral de Comunicación, á cal estará adscrita a Compañía de Radiotelevisión de Galicia.
  - A) Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.
4. Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.
  - A) Dirección Xeral de Cooperación Exterior.
5. Secretaría Xeral de Emigración.
6. Secretaría Xeral de Política Lingüística.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006**

---

Os obxectivos e liñas de acción destes órganos superiores da Presidencia da Xunta concréntanse nos seguintes:

### **1. SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA.**

Colaboración, supervisión e apoio aos órganos adscritos á mesma, como é a Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia e a Asesoría Xurídica, que prestará a asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, incidindo no asesoramento consultivo e no desenvolvemento normativo e lexislativo, procurando ao mesmo tempo axilizar as funcións e tarefas propias da Asesoría Xurídica.

## *2. SECRETARÍA XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN.*

Construción dun banco de datos que permita agrupar os diversos estudos realizados ata agora na Comunidade Autónoma, incorporando aqueles procedentes de empresas, universidades e entidades públicas e privadas. Así mesmo, realización de estudos sobre temas de interese social.

## *3. SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN.*

A Secretaría Xeral de Comunicación é o centro xestor encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de comunicación audiovisual, e ten como obxectivos estratéxicos o fomento e apoio aos medios de comunicación e potenciar o desenvolvemento das tecnoloxías da información e telecomunicacións, facilitando o acceso á información. Neste senso, preténdese avanzar na posta en marcha de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia dentro e fóra da nosa Comunidade, e a divulgación da acción institucional da Xunta.

## *4. SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES.*

1. Analise, desenvolvemento e execución dunha política autonómica de acción exterior propia, tendo en conta os intereses da nosa rexión no marco dos diversos escenarios políticos e económicos que inciden nos mesmos.
2. Concretar as liñas estratéxicas de actuación que permitan atender os intereses autonómicos no ámbito da Unión Europea, a través de accións que se concretan no nivel rexional, estatal e comunitario.
3. Ampliar dita actuación a todos os ámbitos non comunitarios que igualmente inciden nos intereses autonómicos.
4. Fomentar a cooperación interrexional europea a través da coordinación coas extratexias e directrices acordadas entre organismos interrexionais.

Os obxectivos prioritarios da Dirección Xeral de Cooperación Exterior ao desenvolvemento son:

1. Dar cumprimento á Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.
2. Potenciar a cooperación ao desenvolvemento, mediante o incremento anual da dotación orzamentaria tendente a conseguir a porcentaxe dun 0,4% do orzamento da Comunidade Autónoma na presente lexislatura.
3. Impulsar a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia e a creación dun voluntariado de cooperación.
4. Fortalecer a cooperación ao desenvolvemento incrementando as súas liñas de actuación cara a conseguir unha mellora significativa nos seus obxectivos a acadar.

#### *5. SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN*

As liñas de actuación centraranse nas seguintes:

1. Implantación de plans sociosanitarios no exterior.
2. Prestación de axudas individuais de emerxencia.
3. Impulsar novos programas de actividades nos centros galegos.
4. Incrementar nun 100% o crédito para as accións dirixidas aos xoves no exterior.
5. Reforzar o apoio aos retornados e crear oficinas de retorno.
6. Poñer en marcha o Plan galego de integración da inmigración.
7. Estender a rede de acollida básica dos inmigrantes.

#### *6. SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA.*

O obxectivo global é o de potenciar o uso normal da lingua galega, que se concreta noutros tres:

1. Aprender a valorar o feito lingüístico galego.
2. Prestixiar o uso do idioma galego.
3. Potenciar a proxección do galego na sociedade.

Estes tres obxectivos materialízanse nos seguintes campos de actuación: formación, investigación e promoción. Deste feito, faise do galego unha lingua moderna no léxico e nos instrumentos e medios para que poida ser, en todos os campos e sectores da poboación (mesmo naqueles menos proclives ao seu uso), lingua de uso cotián e normal.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006**

---

#### **3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **PROGRAMA 111A. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

###### **1. Descrición.**

O Programa 111A “Presidencia da Xunta de Galicia” ten como función e subfunción a “Alta dirección da Comunidade Autónoma” sendo as atribucións do Presidente, na execución do programa, a dirección e coordinación das actividades da Xunta de Galicia.

###### **2. Actividades.**

A actividade fundamental de actuación da Secretaría Xeral da Presidencia, como órgano superior previsto no Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se determinan os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é desenvolver funcións que lle son propias, como:

1. Prestar asistencia técnica e asesoramento ao Presidente da Xunta de Galicia en todo o que a requira.
2. A xestión orzamentaria, económica e administrativa, derivada da elaboración e do control do orzamento da Secretaría Xeral, administración dos créditos orzamentarios asignados a ela e a tramitación que proceda dos expedientes de contratación.

3. As funcións de réxime interior e de persoal, dispoñendo en canto concirne ao réxime interno dos servizos xerais da Secretaría Xeral.
4. As funcións ordinarias de despacho que lle son propias, así como as que lle sexan delegadas polo Presidente da Xunta de Galicia.

Así mesmo, xestionarase o funcionamento e actividades que leve a cabo a Casa de Galicia en Madrid, co fin de espallar a nosa cultura e tradicións.

Por todo iso, ademais das altas funcións de dirección e coordinación da política do Goberno da Xunta de Galicia, exércense as actividades ordinarias necesarias para a execución do programa, e a supervisión, coordinación e apoio aos outros órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, como é a Dirección Xeral do Gabinete de Presidencia, así como a concesión de axudas e subvencións que se conceden polo Presidente a familias e institucións sen fins de lucro.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Presidencia.

## **PROGRAMA 111D. ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

### 1. Descrición.

A Secretaría Xeral de Análise e Proxección nace coa vocación de proporcionar ao Presidente da Xunta de Galicia unha estrutura de análise, documentación e proxección que permita incorporar a opinión e os coñecementos de cidadáns e expertos nos procesos de toma de decisións.

O presuposto actual persegue obxectivos diferentes, algúns xerados polo propio nacemento da Secretaría, inexistente ata o momento, e outros relativos ao que debe ser a súa dinámica habitual.

1. Informar e asistir ao Presidente en materias específicas onde o concurso de expertos provea dun aumento de calidade na decisión pública.
2. Informar ao Presidente e ao Goberno sobre os temas fundamentais que interesan á opinión pública, a fin de construír un modelo democrático que teña en conta as necesidades, demandas e expectativas dos cidadáns.
3. Dirixir e coordinar o Servizo de Documentación da Presidencia.
4. Finalmente, é un obxectivo deste exercicio presupostario prover das infraestruturas, dos materiais, e do persoal técnico axeitado á actividade da propia Secretaria Xeral.

## 2. Actividades.

Para acadar os obxectivos mencionados realizaranse unha serie de accións que a continuación describimos:

1. Construción dun banco de datos que permita agrupar os diversos estudos realizados na Comunidade Autónoma, contando coa colaboración de empresas, universidades e entidades públicas e privadas.
2. Realizar e canalizar a realización de estudos específicos en áreas de especial interese.
3. Realización de conferencias, encontros de expertos, etc..., para a análise de temas específicos de interese.
4. Elaboración de estudos sociolóxicos que permitan ter coñecemento da opinión pública galega.
5. Edición e publicitación dos estudos e datos que poidan ter interese social ou utilidade científica.
6. Desenvolvemento do Servizo de Documentación co fin de que poda documentar sistematicamente a produción xerada por outros servizos da Xunta de Galicia.
7. Repoñer e completar, no servizo de documentación, coleccións de revistas, libros e documentación diversa.



8. Establecer colaboracións con servizos e organismos semellantes, doutras comunidades autónomas, que permita valorar certas dinámicas en perspectiva comparada.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Análise e Proxección.

## **PROGRAMA 111E. RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR**

### 1. Descrición.

Sobre a base do Decreto 194/2003 e na continuidade da política económica seguida por mor do desenvolvemento competencial, podemos dicir que a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores pretende acadar os seguintes obxectivos:

1. Apoiar e asesorar á Presidencia da Xunta en todas as actuacións que en materia de relacións exteriores leve a cabo a Administración autonómica.
2. Dar resposta ás implicacións derivadas da actividade da Unión Europea e a súa incidencia nos intereses e competencias da Comunidade Autónoma.
3. Seguemento do proceso de integración europea en relación cos intereses de Galicia.
4. Colaborar no desenvolvemento do movemento rexional europeo a través da presenza activa nas diferentes organización rexionais europeas.
5. O pulo da cooperación bilateral e multilateral con rexións de áreas xeográficas non europeas.
6. Garantir a presenza de Galicia nos plenos e comisións do Comité das Rexións e nos comités da Comisión Europea, no Consello de Ministros, na Conferencia das Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e na Comisión do Arco Atlántico así como a súa participación en foros rexionais, comisións, asembleas e outras organizacións realizadas no marco competencial.
7. Cooperar institucional e tecnicamente nas actuacións da Administración autonómica naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais.

8. Conciliar actuacións, definir prioridades e canalizar a información que, no ámbito da Unión Europea, sexan de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral.
9. Coordinar e seguir o procedemento de axudas públicas e o de tratamento de queixas comunitarias, fronte á Comisión Europea.
10. Impulsar as actuacións que en materia de acción exterior corresponden á Xunta de Galicia e máis concretamente as derivadas da participación de Galicia na área de Iberoamérica, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e en distintos estados doutras áreas xeográficas de actuación ou en expansión.
11. Representar á Comunidade Autónoma nos órganos de cooperación ou institucións que, en materia comunitaria ou de acción exterior, existan entre a Administración central e as comunidades autónomas, e exercer a necesaria relación de colaboración entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos de ámbito europeo ou de proxección exterior en xeral.
12. Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.
13. Impulsar un correcto funcionamento administrativo da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior así como da Fundación Galicia Europa.

## 2. Actividades.

A consecución destes obxectivos precisa da realización de múltiples actuacións entre as que se poden salientar, como máis significativas, as que de seguido se relacionan:

1. Preparar as liñas estratéxicas de actuación así como elaborar aquela documentación precisa, que se requiran no apoio ao Presidente da Xunta de Galicia en todas as materias relacionadas coa Unión Europea ou incluídas no eido da acción exterior.

2. Coordinar e preparar as viaxes do Presidente como membro dos órganos comunitarios, e aquelas a realizar no marco competencial das relacións exteriores en xeral.
3. Atender as iniciativas incluídas no Programa Cuadrienal de Acción Exterior de Galicia 2003-2007, para o seu eficaz desenvolvemento.
4. Organizar, coordinar ou participar, no papel de Galicia como rexión membro, no Comité das Rexións, nos Comités da Comisión Europea, na Comisión Arco Atlántico, na Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e nas Organizacións rexionais europas, así como elaborar os informes e conclusións dos asuntos tratados nas respectivas xuntanzas, para a súa divulgación entre os departamentos da Xunta de Galicia interesados.
5. Asistir e participar en xuntanzas e asembleas de institucións ou organizacións do exterior en xeral, en calidade de representante directo ou de colaborador coa Administración xeral, así como organizar ou participar en foros, encontros, xornadas ou conferencias, dirixidas a dinamizar os obxectivos das funcións competenciais da secretaria xeral.
6. Adoptar medidas axeitadas que fomenten o intercambio de coñecementos, documentación e experiencias en materia de información, formación e difusión de cuestións que atinxen á Unión Europea
7. Desenvolver a participación da Iniciativa comunitaria INTERREG III no período 2003-2009.
8. Cooperar coas distintas rexións implicadas, para a posta en marcha e execución de proxectos de interese interrexional e outras iniciativas que respondan a fins concretos de actuacións sectoriais, de estratexias de desenvolvemento atlántico, e de formulación de solucións á problemática das situacións transfronteirizas.
9. Realizar tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración do Estado e a Unión Europea, no que afecta ao proceso de axudas públicas e tratamento de queixas comunitarias.
10. Participar financeiramente no funcionamento e administración de organizacións rexionais europeas.

11. Cubrir a participación da Xunta de Galicia na Fundación Galicia Europa cara á consecución dos seus obxectivos.
12. Elaborar, xestionar e controlar os orzamentos da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, da Dirección Xeral de Cooperación Exterior e da Fundación Galicia Europa.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

## **PROGRAMA 121B. ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

### 1. Descrición.

A Asesoría Xurídica, con rango de Dirección Xeral, depende do Presidente da Xunta de Galicia, e correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

### 2. Actividades

As partidas orzamentarias correspondentes ao exercicio de 2006, destinaranse principalmente á compra de libros, revistas e outras publicacións periódicas para unha mellor formación dos letrados pertencentes a este centro directivo, así mesmo outra parte importante do presuposto dedicarase ao pago de minutas do Procurador dos tribunais con sede en Madrid e ás dietas de manutención e locomoción que teñen os letrados cando se desprazan aos xulgados de ámbito estatal e da Comunidade Autónoma.

Os obxectivos e liñas de acción para o ano 2006 previstos pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia tratan de coadxuvar, de acordo cos criterios que se conteñen na normativa rectora da Asesoría Xurídica, cos órganos de goberno e de xestión da Administración Autonómica galega e da súa Administración institucional prestándolles asesoramento xurídico, especialmente en materias consultivas e de contratación e igualmente da asistencia xurídica perante os órganos xurisdicionais nos que se diriman contendas xudiciais nas que figure como parte procesual a Comunidade Autónoma Galega.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

## **PROGRAMA 213A. ACCIÓNS A FAVOR DAS COMUNIDADES GALEGAS**

### 1. Descrición.

O programa 213A “Accións a favor das Comunidades Galegas”, inclúe o desenvolvemento de actividades de apoio aos galegos e ás comunidades galegas asentadas fóra da nosa Comunidade Autónoma, para que estes participen da vida social e cultural de Galicia, e contribuír á mellora das súas condicións de vida. Así mesmo a través deste programa desenvólense accións encamiñadas á procura da integración social e a inserción laboral do colectivo de inmigrantes e retornados na nosa sociedade.

### 2. Actividades.

A consecución destes obxectivos mencionados precisa a realización de múltiples actuacións, entre as que se concretan as seguintes:

1. Apoiar e asesorar á Presidencia da Xunta (nas súas relacións institucionais coas Comunidades Galegas) en tódalas actuacións relacionadas cos galegos e comunidades galegas no exterior, e no ámbito das materias que de inmigración e retorno leve a cabo a Administración autonómica.

2. Intensificar os programas de atención aos emigrantes, inmigrantes e retornados:
  - A) Plan socioasistencial para os emigrantes galegos.
  - B) Plan de acción formativa para os emigrantes galegos.
  - C) Plan de acción cultural para os emigrantes galegos.
  - D) Plan de accións xuvenís para os emigrantes galegos.
  - E) Plan de apoio infraestrutural para os emigrantes galegos .
  - F) Rede galega de atención aos inmigrantes e os emigrantes retornados.
  - G) Rede de emerxencia para os inmigrantes.
  - H) Apoio á creación e mantemento de movementos asociativos de inmigrantes.
  - I) Programas e campañas de sensibilización.
  - J) Programas formativos para os profesionais do sector.
  - K) Accións de codesenvolvemento.
  - L) Apoio á Fundación Galicia Emigración.
3. Establecer un plan de atención socio-sanitaria en determinados países iberoamericanos co fin de contribuír á atención das necesidades socio-sanitarias non satisfeitas polos sistemas de cobertura estatal e que afectan á poboación emigrante galega e aos seus descendentes, preferentemente nos países de Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela.

Ademais será preciso colaborar co Estado no establecemento de pensións non contributivas para os emigrantes galegos que non teñan dereito a pensións de xubilación por non ter satisfeito as cotizacións mínimas nos países nos que residen.
4. Crear oficinas de retorno en todos aqueles países onde exista unha maior demanda de retorno dos nosos galegos, co fin de facilitar a información sobre os diferentes temas relacionados coa volta e inserción dos emigrantes: vivenda, emprego, ensino, etc.
5. Desenvolver o 1º Plan galego da inmigración. Para a súa elaboración poñeranse en marcha comisións de traballo nas áreas de actuación (vivenda, servizos sociais, emprego, educación, etc...) nas que participarán axentes públicos e privados, e propoñerán medidas e actuacións en cada área.

6. Establecemento de programas específicos coa xuventude de xeito que permita un maior achegamento e participación da nosa xuventude na vida asociativa da Galicia exterior (galiex.net, foros xuvenís, mobilidade, difusión de programas europeos de xuventude, etc.).
7. Creación e seguimento de aulas permanentes de formación e cultura galegas no exterior.
8. Unificar e centralizar os puntos de atención, asesoramento, información aos emigrantes (oficinas de programas sociais, oficinas de atención xuvenil).
9. Recuperar o patrimonio histórico e cultural dos centros galegos espallados polo mundo (inmóbles, bibliotecas emblemáticas, documentos, coleccións, etc). Realizarase esta labor en colaboración coas universidades e co Consello da Cultura Galega.
10. Desenvolvemento de foros como instrumentos de intercambio cultural e establecemento de negocios nos que participarían representantes dos mundos político, social, institucional, académico e empresarial, e que farán operativa a cooperación entre os países de destino dos emigrantes galegos con Galicia (Estados Unidos, México, Suíza).
11. Constituír unha plataforma de educación superior, en colaboración coas tres universidades públicas galegas, orientada ao exterior e dirixida especialmente aos emigrantes galegos e aos seus descendentes.
12. Estender á rede de centros educativos, en países de forte presenza de emigrantes, a impartición de clases de lingua, cultura e historia de Galicia.
13. Dimensionar a rede de acollida básica ao inmigrante. Incrementar o número de prazas tanto en número como en localidades.
14. Establecer mecanismos de protección específicos para os retornados maiores ou en situación de precariedade económica ou social, apoiando ás familias receptoras e facilitando a súa integración social.
15. Mantemento, actualización e dinamización do portal Galicia aberta, no que converxen as webs de entidades galegas no exterior e de asociacións de inmigrantes e retornados, respecto dos cales hai que garantirlle a súa operatividade.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Emigración.

## **PROGRAMA 213B. COOPERACIÓN EXTERIOR**

### 1. Descrición

No programa 213B “Cooperación Exterior” contéplase, en base ao Decreto 194/2003 os obxectivos da Dirección Xeral de Cooperación Exterior así como as actividades a levar a cabo para a seu cumprimento.

1. Fomentar a cooperación a favor dos países en vías de desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galega maximizando o efecto da axuda sobre as poboacións directamente afectadas, dando así poder efectivo aos seus beneficiarios sobre o seu propio futuro.
2. Executar a Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.
3. Planificar estratexias de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia.
4. Promover as relacións de cooperación con entidades e institucións non estatais ou subestatais estranxeiras.
5. Incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento fomentando a concienciación da nosa sociedade e a tolerancia aos valores culturais dos países en vías de desenvolvemento.
6. Fomentar a participación de Galicia en programas da Axencia Española de Cooperación Internacional en materia de cooperación ao desenvolvemento.
7. Incrementar a dotación do Fondo Galego de Cooperación Exterior para acadar o compromiso da UE dunha axuda ao desenvolvemento dun 0,56% do PIB para o 2010 e do 0,40% ao final da presente lexislatura.



## 2. Actividades.

A consecución destes obxectivos precisa da realización de múltiples actuacións entre as que se poden salientar, como máis significativas, as que de seguido se relacionan:

1. Xuntanza do primeiro Plan director para a cooperación galega, conforme aos parámetros acordados no Foro do alto nivel sobre a eficacia da axuda ao desenvolvemento da OCDE, pendente de aprobación polo Parlamento e elaboración do Plan anual para a cooperación galega 2006 e creación dos mecanismos de seguemento do desenvolvemento do dito plan.
2. Dotar de eficacia á axuda ao desenvolvemento coa programación dos proxectos que serán financiados mediante os recursos orzamentarios que se asignen para cooperación ao desenvolvemento no exterior e coa avaliación da xestión, harmonización e control dos recursos.
3. Seguimento e avaliación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados pola Xunta de Galicia en diferentes países do mundo.
4. Desenvolvemento da cooperación con aquelas entidades subestatais coas que a Xunta de Galicia ten subscritos convenios de colaboración e con aquelas posibles pola ampliación destes convenios a outras áreas de Iberoamérica.
5. Posta en marcha de programas de formación, capacitación e especialización de técnicos galegos no eido da cooperación exterior a través de bolsas, colaboración cos másters e programas oficiais da nosa Comunidade Autónoma ou outros programas formativos.
6. Fomentar e crear unha conciencia pública comprometida co desenvolvemento mediante campañas de información e educación así como involucrar aos medios de comunicación e, en xeral, a todos os operadores económicos e a sociedade civil.
7. Colaboración e participación en proxectos de axuda humanitaria e de emerxencia.
8. Desenvolvemento de iniciativas dirixidas ao fortalecemento e consolidación das Organizacións non Gubernamentais de Desenvolvemento Galegas (ONGD-G)

9. Coordinación das actuacións do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento e Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento.
10. Elaboración e divulgación da memoria da cooperación galega 2005.
11. Publicación e divulgación do Plan director da cooperación galega 2005-2008 e do plan anual 2006.
12. Elaboración dunha páxina web da Dirección Xeral de Cooperación Exterior na que se contemple toda a información referente a este departamento (novidades, convocatorias, proxectos, etc.), as ferramentas para a tramitación de documentos administrativos (solicitudes e consultas de expedientes) así como un sistema de queixas e suxerencias que contribúa á mellora continua dos servizos da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

## **PROGRAMA 353B. AUDIOVISUAIS**

### 1. Descrición.

Impulso e promoción do audiovisual como instrumento de comunicación social.

### 2. Actividades.

1. Colaboración cos diferentes axentes e institucións do sector audiovisual galego, promovendo a formación de capital humano en aras a consolidar o audiovisual como unha marca de identidade da nosa Comunidade Autónoma.
2. Posta en marcha de accións tendentes á promoción do sector audiovisual e multimedia galego e participación en certames, festivais, ciclos da nosa Comunidade Autónoma e na distribución do audiovisual galego dentro e fóra do Estado.

3. Impulso do audiovisual da nosa Comunidade Autónoma mediante a súa internacionalización e o acceso a mercados do noso entorno.
4. Potenciación do Centro Galego das Artes da Imaxe como centro de referencia no uso das novas tecnoloxías no eido da imaxe, traballando de cara a dixitalización dos seus fondos e a provisión integral de servizos en rede.
5. Desenvolver o audiovisual como ferramenta básica de comunicación na sociedade do coñecemento, promovendo ademais das obras de creación tradicionais, outros produtos audiovisuais e multimedia adaptados aos novos canles de distribución.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Secretaría Xeral de Comunicación.

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

## **PROGRAMA 353E. FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

### **1. Descrición.**

Este programa materializa a promoción e fomento do coñecemento e o uso social da lingua galega.

### **2. Actividades.**

Capítulo I. Concentra o gasto que se precisa para facer fronte ao custo dos soldos e salarios do persoal adscrito a este departamento.

Capítulo II. As partidas orzamentarias que aparecen neste capítulo dedícanse basicamente a cubrir os gastos necesarios para o normal funcionamento desta secretaría xeral e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Capítulo IV. Un dos obxectivos prioritarios é o de potenciar a proxección do galego na sociedade, de xeito que sexa utilizado mesmo naqueles campos e sectores de poboación ata o de agora menos proclives ao seu uso tanto no código oral coma no escrito, e moi especialmente neste último.

Para isto convócanse anualmente axudas que serán destinadas a financiar operacións correntes das asociacións, colexios profesionais, cámaras de comercio e demais entidades e institucións sen fin de lucro, empresas privadas e empresas editoriais que realicen accións encamiñadas á potenciación da lingua galega e, polo tanto, á súa divulgación e coñecemento.

Para poder proceder á potenciación da proxección do galego na sociedade, os poderes públicos que teñen encomendada a súa promoción deben conseguir que se valore o feito lingüístico e prestixiar o seu uso. Para iso promoverase a investigación da lingua galega dende a perspectiva lingüística, dende a literaria e á humanística.

Seguindo esta premisa, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades leva a cabo a súa función investigadora. Para realizar estas investigacións, dirixidas por persoal especializado (fundamentalmente universitario), é preciso formar xoves investigadores que poidan realizar as actividades que se lles encomenden, destacando entre estas a posta ao día da terminoloxía científico-técnica.

De acordo con isto convócanse bolsas destinadas a sufragar os gastos daquel persoal que, unha vez seleccionado e formado polos directores-coordinadores dos proxectos, colabore nas investigacións que se levan a cabo no mencionado centro.

A tal fin, concédense tamén bolsas para estadias no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dirixidas a estudiosos da lingua e da literatura galegas, procedentes do estranxeiro, que queiran afondar máis no noso patrimonio cultural.

Capítulo VI. Neste capítulo inclúense unha gran parte dos programas, plans e accións necesarias para desenvolver o Plan xeral de normalización da lingua galega, que vén de rematar a súa redacción.

Concrétase en accións dirixidas a sectores específicos:

- A) Ensino (actividades de formación e investimentos para os equipos de normalización lingüística constituídos nos centros de ensino de nivel non universitario, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril).
- B) Cursos para diversos colectivos.
- C) Campañas e distintas actuacións de promoción e sensibilización a prol da lingua galega dirixidas a toda a sociedade en xeral, ou aos escolares e a distintos sectores socioeconómicos en particular:
  - a) Os medios de comunicación e industrias culturais.
  - b) A economía: industria, empresa e comercio.
  - c) O deporte.
  - d) A edición en galego.
  - e) Ámbito eclesiástico.
  - f) A familia e outros colectivos de grande importancia social.
  - g) A mocidade.
- D) Participación en feiras, exposicións e demostracións culturais así como intercambio de experiencias en distintos foros e en centros do resto de España e do exterior.
- E) Informática aplicada á lingua.

Así mesmo, neste capítulo contéplase o pagamento de todos os proxectos de investigación lingüística, literaria e humanística que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e, en xeral, todas as iniciativas desta índole que pretende apoiar a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Capítulo VII. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, nos seus títulos V “Do galego exterior” e VI “Da Administración Autonómica e a función normalizadora” estipula que o goberno galego fará uso dos recursos que lle confiren a

Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para que existan servizos culturais e lingüísticos fóra da Comunidade Autónoma, e que asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega. En desenvolvemento deste mandato, a Secretaría Xeral de Política Lingüística ten, entre outros, o obxectivo de fomentar o estudio da lingua e da cultura galegas naqueles lugares onde haxa unha colectividade importante de galegos, ou ben un grande interese polo feito galego. Por iso mantén abertos lectorados nun número crecente de centros de ensino de fóra de Galicia.

Por outra banda, a avaliación dos acordos subscritos en anos anteriores entre este departamento e o que ten atribuídas as competencias de Xustiza, e Administración Local, é altamente positiva en canto ao efecto normalizador e normativizador do idioma galego propugnado pola Lei 5/1998, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia. En cumprimento dos mandatos desta Lei, e vistos os resultados acadados en anos anteriores, faise necesario continuar formando en lingua galega ao persoal das corporacións locais e da Xustiza, afianzando o uso da lingua galega en todas as actividades que desenvolven, externas e internas, e nas “ferramentas” normativas e regulamentarias que utilizan de maneira cotiá.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Secretaría Xeral de Política Lingüística.

## **PROGRAMA 361A. COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL**

### **1. Descrición.**

Potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación.

Apoio á comunicación a través da promoción das novas tecnoloxías aplicadas a esta.

## 2. Actividades.

1. Divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia.
2. Realización das tarefas destinadas a establecer a coordinación operativa da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.
3. Xestión dunha liña de axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.
4. Xestión dunha liña de axudas a empresas xornalísticas que realicen as súas publicacións en galego normativo.
5. Apoio e posta en marcha de accións destinadas a mellorar a formación e cualificación dos profesionais dos medios informativos.
6. Organización de xornadas, seminarios e encontros dos profesionais da comunicación.
7. Xestión dunha liña de axudas destinada á realización de prácticas nos gabinetes de comunicación da Xunta de Galicia para estudantes galegos das facultades de ciencias da comunicación.
8. Elaboración e xestión do programa de actividades do Club Internacional de Prensa de Galicia.
9. Realizar estudos de investigación sobre os medios informativos existentes na Comunidade Autónoma co fin de mellorar e dar apoio á súa competitividade no mercado.
10. Preparación da axenda normativa referente aos medios informativos e a publicidade.
11. Elaboración de informe preceptivo, na suscripción de convenios cos diferentes medios informativos, e dos plans de medios que se deriven dos concursos públicos de campañas publicitarias.
12. Convocatoria dos premios Galicia de comunicación.
13. Dar soporte tecnolóxico ás necesidades de comunicación audiovisual e multimedia da administración galega poñendo ao servizo dos cidadáns as infraestruturas e redes de que dispón a Comunidade Autónoma galega.
14. Ampliar e mellorar a rede de banda ancha da autoestrada galega da información (AGI) co obxectivo de conectar aqueles organismos, entidades e centros de carácter público da Comunidade Autónoma galega.

15. Contribuír á alfabetización dixital da cidadanía galega, incrementando e reforzando a rede de aulas multimedia e impulsando as accións de formación en rede e a oferta de novos servizos públicos en coordinación co resto dos departamentos da administración autonómica.
16. Participación en proxectos relativos ao desenvolvemento das novas tecnoloxías da comunicación e multimedia impulsados dende as diferentes administracións públicas.
17. Coordinar os distintos departamentos autonómicos vencellados á comunicación audiovisual, propoñendo liñas de actuación estratéxicas conxuntas.

### 3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral de Comunicación.

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

## **PROGRAMA 361B. RADIODIFUSIÓN E TVG**

### 1. Descrición.

Despregue da rede de radio e televisión dixital e mantemento da Rede Oficial de Comunicacións da Xunta de Galicia.

### 2. Actividades.

1. Completar o despregue das redes de difusión da televisión e radio dixital no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Desenvolvemento de aplicacións sobre televisión dixital terrestre para a posta en marcha de novos servizos da sociedade da información e a comunicación.
3. Potenciar a organización e desenvolvemento das infraestruturas e redes de telecomunicación da Xunta de Galicia que xestiona Retegal.
4. Mellorar a cobertura da televisión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia reforzando a redes de transporte e difusión da televisión.



**3. Órgano encargado da súa execución.**

Secretaría Xeral de Comunicación.

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

**4. CADROS NUMÉRICOS**

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos**

	SERVIZOS					
	10	11	12	20	30	31
111A PRESIDENCIA DA XUNTA	4.016,1		98,3			
111D ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA				2.206,4		
121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		2.069,1				
353B AUDIOVISUAIS						4.705,8
361A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL					9.028,9	3.996,4
361B RADIODIFUSIÓN E TVG.						107.246,7
<b>TOTAL</b>	<b>4.016,1</b>	<b>2.069,1</b>	<b>98,3</b>	<b>2.206,4</b>	<b>9.028,9</b>	<b>115.948,9</b>

(Miles de euros)

	SERVIZOS					TOTAL
	40	41	50	60		
111E RELACIÓNS COA U.E. E ACCIÓN EXTERIOR	2.233,4					2.233,4
213A ACCIÓNS RELATIVAS ÁS MIGRACIÓNS			17.927,4			17.927,4
213B COOPERACIÓN EXTERIOR		7.095,2				7.095,2
353B AUDIOVISUAIS						4.705,8
353E FOMENTO DA LINGUA GALEGA				21.887,9		21.887,9
361A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL						13.025,2
361B RADIODIFUSIÓN E TVG.						107.246,7
<b>TOTAL</b>	<b>2.233,4</b>	<b>7.095,2</b>	<b>17.927,4</b>	<b>21.887,9</b>		<b>182.511,6</b>

(Miles de euros)

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

		CAPÍTULOS						
		I	II	IV	VI	VII	VIII	TOTAL
111A	PRESIDENCIA DA XUNTA	2.168,3	1.705,8	210,4	30,0			4.114,5
111D	ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	517,8	756,6	262,0	670,0			2.206,4
111E	RELACIÓNS COA U.E. E ACCIÓN EXTERIOR	884,9	320,3	703,7	324,6			2.233,4
121B	ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	1.811,1	228,0		30,0			2.069,1
213A	ACCÍONS RELATIVAS ÁS MIGRACIÓNS	2.284,1	3.176,0	8.123,6	1.459,0	2.884,7		17.927,4
213B	COOPERACIÓN EXTERIOR	397,1		3.972,6	250,0	2.475,4		7.095,2
353B	AUDIOVISUAIS				4.105,3	600,5		4.705,8
353E	FOMENTO DA LINGUA GALEGA	1.303,3	164,6	3.596,7	15.061,5	1.761,7		21.887,9
361A	COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	1.976,1	1.894,2	321,5	7.132,6	1.700,7		13.025,2
361B	RADIODIFUSIÓN E TVG.			652,3	2.325,9	9.000,0	95.268,5	107.246,7
<b>TOTAL</b>		<b>11.342,7</b>	<b>8.245,5</b>	<b>17.842,9</b>	<b>31.388,9</b>	<b>18.423,1</b>	<b>95.268,5</b>	<b>182.511,6</b>

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

<b>10</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	2.069,9
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.705,8
Cap. IV	Transferencias correntes	210,4
Cap. VI	Investimentos reais	30,0
<b>TOTAL</b>		<b>4.016,1</b>

(Miles de euros)

<b>11</b>	<b>ASESORÍA XURÍDICA XERAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.811,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	228,0
Cap. VI	Investimentos reais	30,0
<b>TOTAL</b>		<b>2.069,1</b>

(Miles de euros)

<b>12</b>	<b>D. X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	98,3
<b>TOTAL</b>		<b>98,3</b>

(Miles de euros)

<b>20</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	517,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	756,6
Cap. IV	Transferencias correntes	262,0
Cap. VI	Investimentos reais	670,0
<b>TOTAL</b>		<b>2.206,4</b>

(Miles de euros)

<b>30</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.043,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1.894,2
Cap. IV	Transferencias correntes	198,3
Cap. VI	Investimentos reais	5.893,2
<b>TOTAL</b>		<b>9.028,9</b>

(Miles de euros)

<b>31</b>	<b>D. X. DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	933,0
Cap. IV	Transferencias correntes	775,5
Cap. VI	Investimentos reais	7.670,6
Cap. VII	Transferencias de capital	11.301,2
Cap. VIII	Activos financeiros	95.268,5
<b>TOTAL</b>		<b>115.948,9</b>

(Miles de euros)

<b>40</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	884,9
Cap. II	Gastos en bens Corr. e Serv.	320,3
Cap. IV	Transferencias correntes	703,7
Cap. VI	Investimentos reais	324,6
<b>TOTAL</b>		<b>2.233,4</b>

(Miles de euros)

<b>41</b>	<b>D. X. DE COOPERACIÓN EXTERIOR</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	397,1
Cap. IV	Transferencias correntes	3.972,6
Cap. VI	Investimentos reais	250,0
Cap. VII	Transferencias de capital	2.475,4
<b>TOTAL</b>		<b>7.095,2</b>

(Miles de euros)

<b>50</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	2.284,1
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	3.176,0
Cap. IV	Transferencias correntes	8.123,6
Cap. VI	Investimentos reais	1.459,0
Cap. VII	Transferencias de capital	2.884,7
<b>TOTAL</b>		<b>17.927,4</b>

(Miles de euros)

<b>60</b>	<b>SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1303,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	164,6
Cap. IV	Transferencias correntes	3596,7
Cap. VI	Investimentos reais	15061,5
Cap. VII	Transferencias de capital	1761,7
<b>TOTAL</b>		<b>21.887,9</b>

(Miles de euros)

	<b>SERVIZO</b>	<b>2006</b>
10	SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	4.016,1
11	ASESORÍA XURÍDICA XERAL	2.069,1
12	D. X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	98,3
20	SECRETARÍA X. DE ANÁLISE E PROXEC.	2.206,4
30	SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN	9.028,9
31	D. X. DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	115.948,9
40	SECRETARÍA X. DE RELACIÓNS EXTERIO.	2.233,4
41	D. X. DE COOPERACIÓN EXTERIOR	7.095,2
50	SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	17.927,4
60	SECRETARÍA X. DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	21.887,9
<b>TOTAL</b>		<b>182.511,6</b>

(Miles de euros)

## Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	11.342,7			11.342,7
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	8.245,5			8.245,5
Cap. IV Transferencias correntes	17.842,9			17.842,9
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>	<i>37.431,1</i>			<i>37.431,1</i>
Cap. VI Investimentos reais	31.388,9			31.388,9
Cap. VII Transferencias de capital	18.423,1			18.423,1
Cap. VIII Activos financeiros	95.268,5			95.268,5
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>	<i>145.080,5</i>			<i>145.080,5</i>
TOTAL BRUTO	182.511,6			182.511,6
TRANSFERENCIAS INTERNAS				
<b>TOTAL CONSOLIDADO</b>	<b>182.511,6</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>182.511,6</b>

(Miles de euros)

## Sociedades públicas.

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
Compañía de Radio Televisión de Galicia	123.281,0	15.982,0	139.263,0
RETEGAL, S.A.	5.197,0	532,0	5.729,0

(Miles de euros)

## Medios persoais

	<b>2006</b>
<i>Altos cargos</i>	11
<i>Persoal funcionario</i>	220
Grupo A	103
Grupo B	16
Grupo C	35
Grupo D	52
Grupo E	14
<i>Persoal laboral</i>	19
Grupo I	2
Grupo III	5
Grupo IV	6
Grupo V	6
<i>Outro persoal</i>	55
<b>TOTAL</b>	<b>305</b>